

A resolución reitoral do 22 de abril de 2015, pola que se executaron as sentenzas ditadas polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, do 23 de abril de 2012 e polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do 17 de abril de 2013 acordou "a restitución da organización e distribución de funcións existente con carácter previo á resolución xerencial do 11 de xuño de 2009".

Por outra parte, o Consello de Goberno aprobou o 18 de decembro de 2013 a creación da Sección de Contratación e Convenios, no Servizo de Investigación e Apoio ao Desenvolvemento, praza á que se adscribiu a un funcionario de carreira.

Considerando ademais o establecido no *Regulamento de Cursos de Especialización e Convenios*, aprobado polo Claustro en 1996, e especificamente a disposición final segunda,

Compre ditar instrucións para garantir que o apoio e a xestión das tarefas que actualmente desenvolven a Oficina de I+D e o Servizo de Investigación e Apoio ao Desenvolvemento, se realicen baixo principios de coordinación, orientación ao usuario e eficiencia, de xeito que

ESTA REITORÍA RESOLVEU: que as funcións que o *Regulamento de Cursos de Especialización e Convenios* atribúe á Oficina de I+D en relación co asesoramento na negociación, a tramitación de contratos e convenios de investigación e a xestión económica derivada, realizaranse baixo a coordinación conxunta dos responsables do Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento e da Oficina de I+D.

Vigo, 11 de maio de 2015

O REITOR,

Salustiano Mato de la Iglesia



Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201500008640
13/05/15 09:25:52